

AMOR ÁS CEGAS

*“Coñecín a persoas cegas de nacemento.
Nunca viran. Pregunteilles cál
era a súa imaxe da beleza”*

Sophie Calle

—¿Como é o mar?

—O mar é coma unha brisa acompañada dun golpe seco, que axiña esvara para atrás, deixando nos pés coma unha efervescencia de espuma.

—¿E a espuma?

—De nena contáronme que a Vía Láctea é a espuma do firmamento.

—¿E o firmamento?

—Un canto de grilos. Penso as estrelas coma o canto dos grilos nunha noite de verán, escintilantes coma os cantos, cri, cri, cri... tantas estrelas coma grilos cantan baixo a herba nunha noite cálida de agosto.

—¿O canto dos grilos é cálido?

—Non, eles arrefrían a noite como as estrelas arrefrían o firmamento.

—¿E a herba?

—Unha vez leváronme de excursión a Santo Andrés de Teixido. Había unha capela co santo, unha fonte en que bebín, polas portas asomaban a cabeza os cabalos que rinchaban e cheiraban ó bravío. Había tamén aire, moito aire. Dixeron que a herba formaba unha alfombra que chegaba ata os acantilados, herba de namorar, chamábana. Herba e mar ata se perder de vista. Fixen unha foto. Creo que o aire non saíu, nin tampouco a

capela nin a fonte, pero si a herba. Os que viron a foto dixeron que todo nela era herba, debuxando ondas coma un mar.

—Un día deitarémonos na herba e miraremos pasar as nubes.

Buscábanse cada tarde na calor daquel café longo e estreito, decorado en verde. Gustáballes a mesa que daba á vidreira, de cara á beirarrúa, como se procurasen a luz do luscofusco. Apalpábanse para se recoñecer, para sentir cómo lles fora o día, deducíndoo polo tacto, nas lecturas que as xemas dos dedos facían no rostro do outro, na fondura das olleiras, no sabor dos labios, no canso abandono do corpo.

Ricábanse ó principio e logo, entre as palabras, sucedíanse innumerables secuencias de bicos, que non mataban a onversa, que eran como necesarios intervalos de paixón, encher o ánimo e a memoria de tenrura, para poder vivir ata o seguinte encontro.

—¿Como é a noite?

—A noite son os meus ollos.

A el gustábaile preguntar e ela semellaba ter sempre unha resposta axeitada para as súas preguntas. Divertíanse con aquel xogo, preguntas e respostas con que construír o mundo, o seu mundo compartido, unha realidade nova, a do amor, con que cada un soñara algunha vez, pero que sempre lles parecera inalcanzable, unha realidade sen a que agora xa non poderían vivir. Para ela os días non eran grises nin azuis, eran a sucesión de balbordos, o recendo a café ou a castañas asadas, o alivio dunha sombra, o silencio das horas mortas, agardando o serán e o final do traballo, para se encontrar con el no bar e saciarse de bicos. El vivía

suspendido do tempo, procurando non sentir a ausencia dela, enchendo o día todo coa intensidade das dúas horas que cada tarde facían dos dous un único proxecto, un mesmo soño.

—As imaxes son memoria, a paisaxe é memoria —dixéralle el un día, describíndolle a cor amarela das searas e as ocres do deserto—. O noso ollo non advirte a variedade de tons da area do deserto, como o ollo dun tuareg non distingue os matices da cor verde das nosas paisaxes, cuestión de memoria —explicáralle unha daquelas tardes.

—¿Como é a cor verde? —preguntara ela, invertendo o papel de cada un no xogo.

—A cor verde é este bar —respondeu el, achegándose máis ó corpo dela.

Para explicarille cómo era unha paisaxe de inverno baixo a brétema, faláballe do aceiro e do sal, que lle facía tocar, do recendo a lentura do recuncho máis vizoso do parque, da humidade da sauna onde a fixera entrar para poder falarlle da néboa, igual de densa, pero fría, dixéralle.

—Un brillo é coma o canto dun xílgaro —contáralle unha tarde mentres paseaban, e ela, que sabía que o mar brillaba, construíu un océano de cantos.

El aprendera que tamén se escoita polos ollos, que cando nos rodea a escuridade o inundo enmudece, como ensimesmado, que non hai ollos para oír. Para ela, en troques, a escuridade era un universo de sons e de músicas, de cheiros e de caricias, o lugar onde todo sucedía, tamén as preguntas del e as respostas que ela he regalaba.

—Ti ves polos oídos —comentara el.

—E polo tacto —contestara ela adentándose a orella.

Chamábase Purificación, aínda que todos lle chamaban Puri, tamén el, que se chamaba Antón, pero ó que todos acumaban Tono, mesmo ela. Non nacera cega pero medrara sen a memoria da visión. A cegueira fora causada por unha enfermidade infecciosa contraída ó ano de nacer. El cegara por accidente laboral. Queimara a mácula lútea coa soldadura no estaleiro no que trabailaba. Cego, pero coa memoria do mundo perdido, coma unha infancia á que nunca se regresa, creu que a escuridade era coma unha morte e houbo un tempo en que pensou en pórllle fin a todo. Iso foi antes de a coñecer. Agora, por ela, procuraba manter a memoria das cores. Seguindo o consello do oftalmólogo, cada día facía exercicios para non perder a policromía das imaxes e ofrecerllas a ela, coma un ramo de palabras. Pensaba nunha escena chea de cor, un mercado, a praia nun mediodía de verán, unha batalla de flores, e tentaba fixar cada cor no seu obxecto. Sen embargo, maila os os seus esforzos, as cores esvaíanse e a memoria cubríase de sombras. Sobrevivía con forza o amarelo e sobre a escura pantalla dos seus ollos xurdía a imaxe dun lóstrego, das follas dun bosque no outoflo, o ouro do Corpus, a pel do limón, o vestido curto e escotado dunha rapaza coa que bailara unha noite na verbena das festas do Apóstolo. Tamén o salto dun tigre. Penso tigre e prodúcese un salto, dicía. Non vía o animal, só a cor felina que ocupaba toda a extensión dos seus ollos. Quería que ela aprendese cómo era a cor amarela, a única que non o abandonara. O sol no mediodía é amarelo, os estames das margaridas son amarelos, o peteiro e as patas das gaivotas son amarelos.

—¿E as bolboretas?

—Tamén hai bolboretas amarelas.

Ela non sabía cómo eran as bolboretas. Faláranlle moitas veces delas, pero seguían sendo seres sen forma, que as bolboretas non teñen voz e o seu voo non é de seda, nin despraza o aire co bater das ás. El buscou quen cazase unha bolboreta amarela. Chegou con cha nunha caixa de cartón e coa axuda de Luís, un dos camareiros do bar; estendeuna sobre a mesa. Colleu a man dereita dela e foi levando o dedo índice pola beira das ás. Era Luís quen, cunha delicadeza extrema, mantiña inmóbil o insecto, procurando non danalo para poder devolverlle logo a liberdade. El fíxolle tocar o corpo cilíndrico, coma de verme, e as antenas. Logo pediulle que a collese facendo cova coas dúas mans. Ela sentiu sobre as palmas o bater cativo das ás e a ingravidez daquel ser ó que non lle podía dar forma, advertiu na xema o po das ás, e concluíu que a bolboreta é coma un aire cuberto de po, ese po brillante e máxico que lles permite voar ós seres maravillosos.

El vivía coa nai, con quen mantiña unha relación cada día máis triste e distante. Viúva, tamén por accidente laboral, gustáballe exhibir a cegueira del, laiarse da inmerecida desgracia que golpeará dúas veces a familia, procurando así a compaixón de parentes e veciños do barrio. Buscaba a súa submisión. Enfrontábao a cotío coas súas limitacións, anunciándoselle logo como un ser imprescindible, teimando con que só ela era quen de comprendelo, de darlle axuda para vencer a incapacidade. Non sabía de Puri. A el, o segredo da relación dáballo forzas para regresar cada noite a aquel fogar que xa non era o seu e onde se sentía humillado,

Sobrevivía ós sábados e domingos sen ela co ánimo amazocado, tendendo pontes de ilusión entre a paixón do venres e a esperanza do luns.

Na residencia ela ocupaba un cuarto humilde e nu, no que a penas entraba a luz. Ingresara ahí por decisión dos pais, que de seguro a querían, pero que decidiran deixar o seu futuro nas mans daquela institución. Viñan buscala os domingos e levábana a comer, sempre ó mesmo restaurante próximo ó mar, e ahí, un domingo de primavera, entre brillos de xílgaro e recendos de argazo, descubriu que os pais tiñan vergoña dela. Non sentiu mágoa de si mesma, pero si deles e aínda que cada domingo nai e pai seguían acudindo á cita, ela decidiu vivir coma se non existisen.

—¿Como ves a felicidade?

—Non a vexo, pálpoa na forma da túa boca e no sabor dos teus labios.

A el sempre lle gustara o cine, pero agora non se afacía ás películas sen imaxes, historias reducidas ós diálogos dos actores e a unha voz que narraba o que os demais vían cos ollos. A mellor descrición do que non se ve é a música, concluía logo de escoitar unha película que xa vira. Ela non sentía atracción polo cine. Contáranlle que as cores das estacións son coma unha música, unha harmonía entre a vexetación e o ceo, entre a temperatura e o aire. Por iso escoitaba a Vivaldi, tentando construír dende as notas a forma dunha árbore sen follas, un lameiro no verán, a explosión dos gromos. Gustáballe a música e bailar, sentir o vágado dun universo que xira arredor dunha melodía, transparente coma o aire, pero tan real coma el.

—¿Como imaxinas que é o mundo?

—Din que azul. Non sei cómo é o azul, pero digo azul e penso que é fermoso. O mundo é azul coma unha laranxa.

—Non me amoles.

—Iso escribiu un poeta francés de quen me faloron na escola.

Vendían o cupón. Ela, debuxando camiños co bastón branco, co que batía no chan, facendo música, percorría o centro da cidade, de local en local, anunciándose coa inocente expresión do seu rostro, co seu sorriso inxenuo, co aceno aquel, tan humano, que adquirira o seu rostro, cellas e pálpebras cara arriba, coma se escoitase polos ollos. Era a fortuna que sae ó encontro, o xogo de cada día. El, que cubría os ollos con lentes de sol, ocupaba unha cabina de cor verde xunto á praza de abastos. Non se anunciaba. O seu silencio era o centro que congregaba os pasos daquel universo de intercambio e de vida. Era a sorte agardada, o azar axexante e esquivo ó que sempre se volve. Aínda que nunca repartisen un dos premios maiores, os dous tiñan clientes fixos e sempre gardaban un último boleto, sempre do mesmo número, para os camareiros do café dos seus encontros.

—iSentiches hoxe o sol? —preguntoulle un día en que o sol non brillara.

—Hoxe estivo anubrado —contestou ela como sen lle prestar atención.

—¿Comoo sabes? —insistiu, esforzándose por buscar cos seus ollos a ollada dela.

—Eu podo ler no aire, síntoo na pel, fálame, dime cómo é o día e eu fágome del unha presenza —explicou ela, antes de beber un grolo de cola.

Cada tarde, no recuncho do bar, á beira do cristal,

afirmábase o seu amor na humidade e nos sabucos, arroupados pola intimidade da súa propia escuridade que os mantiña illados das olladas dos outros, que os protexía de toda indiscreción, de todo arroubo. Ela sempre pedía unha bebida de cola, gustáballe o sabor doce que lle deixaba na boca. El prefería a cervexa e ofrecíalle a boca para que lambese a escuma que lle quedaba nos labios.

—¿Como é o amor? —interrogou el, no entreacto de bicos dun serán.

—O amor son os teus labios —respondéalle ela, tomando alento e acomodando o peito na cunca da man del.

Os camareiros do bar amparaban aquela diaria manifestación de entrega, coa convicción de quen cre que está a facer un ben, sen lles importar a acusación de seren cómplices do que algún cliente cualificara de obsenidade.

—Só se molesta quen se quere molestar —respondía Luís se alguén protestaba.

Cando os vían pasar, a muller da mercería, as dependentas da tenda de noivas e as da zapatería con prezos de ocasión, a rapaza nova do locutorio e o municipal que vixiaba o tráfico dende a esquina, sabían que ía vencido o día. Tamén o garda era cómplice daquela relación de escaparate, e desaparecía da rúa en canto os vía chegar, para non ser requirido por algún transeúnte molesto coa exhibición da tenrura.

Nas últimas semanas, ela, por consello dos médicos da organización á que pertencían os dous, sometérase a unha exhaustiva revisión da que non lle dixo nada a finguén, tampouco a el. O resultado, a modo de esperanza, fóralle comunicado aquela mesma mañá. Podería volver a

ver. A operación, delicada, non garantía unha visión perfecta, pero si sería capaz de identificar as cores e as formas. Non tería problemas por parte da organización. O director, tamén presente na xuntanza, informouna de que o traballo, a venda do cupón ou calquera outro, estaba garantido. Todos calaron. No cuarto escoitouse o confuso respirar da emoción. Ela intuía que era o centro de todas as olladas, que todos permanecían de pé, arredor dela, agardando unha explosión de xúbilo e a súa conformidade. Pero non soubo qué responder e pediulles tempo. Non concibía unha vida sen sombras, pero aquel novo horizonte, excitábaa. Se eu vise, dicíase ás veces, e ensarillaba entón unha morea de ilusións, de expectativas. Un ser novo, pensaba, e durmíase alimentando ese milagre no que non cría. Deixar a residencia, mirarse nun retrato, ler no rostro dos outros, pintar os ollos, construír unha paisaxe de cores infinitas, estudar e logo traballar cos nenos, niso soñaba. Pero estaba el, coa súa cegueira irreversible. Ela podería ser os seus ollos, o seu bastón branco, non só a súa muller, tamén o seu sentido. E sen embargo dentro dela sentía medrar unha dúbida. Por vez primeira na vida, non se sentía soa. Uníraos a sombra, cultivaban ese territorio o común, sen cores, sen imaxes, pero cheo de sons, de recendos, de sorrisos sonoros e de silencios húmidos. Quiso dicirllo cando se atoparon, pero calou. Sentía tanta calor á beira do seu corpo, era tan entrañable a súa voz, que tivo medo da luz e tremeu.

—¿Estás mal? —preguntoulle el advertindo ~o desacougo.

—Non —respondeulle da, separando as súas mans, que suaban, das del.

—Preocupada, entón, triste... —insistiu, convencido de que había algo que ela lle ocultaba.

—A tristeza precisa das bágoas e eu non choro, pero se chorase, se hoxe antes de írmonos me escoitases chorar, podes estar seguro de que o meu pranto sería de felicidade —díxolle, como buscando amparo nas palabras.

—Sei que algo che acontece e queroo saber. Dinmo os teus labios que non bican, os teus brazos que non abrazan, as túas mans que non agariman. Sabes que o verdadeiro mirar non está nos ollos, senón dentro de nós, xa o temos falado —buscaba as súas mans e da entregoullas antes de preguntar.

—¿Quéresme?

—Si.

—¿Quéresme?

—Si.

—¿Quéresme? —e ela xa non tivo dúbidas e as bágoas descenderon polas súas meixelas e ó bebelas, el soubo que estaba a beber o amor.

F. X. FERNÁNDEZ NAVAL, *Sete noites e un amencer*,
Biblos, Mandaio, 2003, p. 15-28.